

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A COMUNIDADE DAS CLARISAS DO CONVENTO DE SANTA BÁRBARA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DAS CUBERTAS DO CONVENTO DE SANTA BÁRBARA DAS CLARISAS DESCALZAS DA CORUÑA.

Santiago de Compostela,

08 AGO. 2022

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, D^a. Carmen Pallares Rey, actuando en representación da Comunidade de Relixiosas Clarisas Descalzas do Convento de Santa Bárbara en A Coruña, en virtude da súa condición de Abadesa, con plena potestade como administradora, nomeada polo Delegado Episcopal de Vida Relixiosa en Capítulo convocado ao efecto con data 27/12/2021.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro:

Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo:

Os apartados 1) e 2) do artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir

Carmen Pallares Rey



convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda aos concellos a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

Terceiro:

O convento de Santa Bárbara das Clarisas Descalzas, situado no concello da Coruña, está protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016), ao estar recollido no Catálogo da MP do PEPRI da cidade vella e pescadería da Coruña (aprobado definitivamente o 26.01.2015) coa ref. 9523001_núm. 5 da relación de edificios con Nivel I. O inmovible tamén configura a praza de santa Bárbara, declarada ben de interese cultural segundo o Decreto 555 do 11.03.1871 (código 39006335). O convento está situado no corazón da cidade vella da Coruña, tamén BIC segundo o Decreto 29/1984 e co núm. de rexistro 53-0000321-00000.

Este convento foi fundado a mediados do século XV sendo mencionado por primeira vez nun documento no ano 1444. Está situado no lugar onde existiu unha capela adicada a santa Bárbara, moi próximo ás murallas medievais que defendían a cidade vella.

Comenzou sendo un beaterio, comunidade onde vivían mulleres de familias nobres ou ricas en réxime semi-aberto. Aquel beaterio consistía no século XV nunha pequena casa con capela doada por dona Dominga da Acosta, muller de Domingo Piñeiro, rexedor da cidade. No ano 1460 o arcebispo Alonso de Fonseca concede o permiso para a construción do mosteiro. O nobre Gómez Pérez das Mariñas, a instancias de dona Isabel Osorio, dona unha casa con horta onde se establece o convento. A fundación deste convento foi aprobada polo papa Alejandro VI mediante bula en maio de 1491.

No século XVIII debido á abundancia económica amplíase o cenobio e constrúense novas estancias entre as que destaca o coñecido como "pavillón inglés". Durante o século XIX e por diversos motivos (ocupación francesa, imperativos da alcaldía, a desamortización...) as relixiosas vense obrigadas a abandonar o convento durante largas tempadas. Isto redunda en prexuízos para a edificación que se vai arruinando de forma importante, necesitando cuantiosas inversións para devolvelo ao seu estado anterior.



Resumen Folletos Rey

Ocupado por monxas de clausura dende o século XVII, no ano 1912 deixan a Orde Terceira para pasar á Orde de Santa Clara. Na actualidade chámase convento de clausura das Nais Clarisas Descalzas de Santa Bárbara e teñen por observancia as regras de san Francisco.

Ao longo do século XX o edificio sufriu unha serie de obras de reforma e modificacións realizadas sen un patrón común.

A igrexa apenas conserva nada da época medieval máis alá do relevo gótico que preside a porta exterior que foi colocado en 1613 e que puido pertencer a un baldaquino ou a un sarcófago gótico do século XIV. No interior, outro relevo, pertencente quizás á capela primitiva mostra á Virxe co neno entre santa Catalina e santa Bárbara. Son característicos o patio que precede á igrexa, a torre miradoiro que se eleva sobre os tellados, o carácter de clausura que ten todo o conxunto e o lenzo mural que foi erixido para acoller o dormitorio das monxas e que define un dos peches da praza das Bárbaras. O lenzo mural foi deseñado polo arquitecto Fernando de Casas na primeira metade do século XVIII.

Cuarto:

Na actualidade é un conxunto de edificacións unidas que forman un conglomerado de cubertas de distinta natureza, pendente e altura, que dan lugar a encontros problemáticos e complexos.

Hai unha serie de necesidades que é preciso resolver distinguindo unha serie de zonas de intervención:

1. Cuberta do campanario da igrexa: a cuberta a catro augas presenta deterioración na cubrición de tella. Descoñécese como están realizadas as pendentes e a existencia ou non de placas de fibrocemento.
2. Cuberta do torreón-miradoiro (Gurugú): presenta filtracións de auga na esquina nordeste. O problema das filtracións maniféstase no interior coa aparición de humidades e manchas nos paramentos e teitos. Esta patoloxía está relacionada con problemas derivados da canle oculta. Da mesma maneira as tellas están deterioradas necesitado unha revisión e substitución das que se atopan en mal estado.
3. Corpo dos cuartos das monxas (pavillón inglés): é necesaria unha limpeza dos faldrons da cuberta retirando a vexetación e repoñendo as tellas deterioradas. Tamén é necesaria unha limpeza dos paramentos de pedra con colonizacións biolóxicas.
4. Cuberta translúcida (lucernario das escaleiras): na segunda planta, no desembarco das escaleiras hai un espazo distribuidor que se ilumina polo teito mediante un lucernario. Este lucernario comunica co baixo cuberta desde onde unhas placas onduladas translúcidas permiten o paso da luz. Este elemento é un foco de puntos críticos de filtracións de auga na cuberta que é preciso resolver.

Leirmen Dolores Rey

5. Cuberta do claustro: existen problemas de filtracións focalizados na contorna da baixante norte. O encontro de distintos faldróns da cuberta, coa coincidencia de canles ocultas, provoca problemas na evacuación de auga derivados da complexidade das solucións que se adoptaron ao longo do tempo con cambios de configuracións nos faldróns da cuberta.

6. Terraza do claustro: unha transformación importante da década dos anos 80 consistiu na desaparición de dous espazos baixo cuberta que delimitaban o claustro para transformarse nun tendal acristalado e en terraza diante dese tendal e do espazo destinado a cuartos do noviciado. A aparición desta terraza deixou varios temas que deben ser tratados:

- a solución do borde ten riscos de caída ao claustro debido á pouca altura do peto
- a solución construtiva do peto resolto cun anaco de faldrón de tella e canlóns e baixantes de aluminio cor cobre.

7. Patio da igrexa: traspasando o muro e a porta co arco, a solución construtiva ofrecida ao remate das testas dos muros e á vista e un anaco de faldrón rematado en tella curva cos canlóns e baixantes de aluminio cor cobre. É necesario atopar outra solución para o remate dos muros e tamén a substitución das tellas deterioradas.

8. Patio do pozo: esta zona presenta problemas nos encontros das limas das cubertas cos canlóns e baixantes, provocando filtracións cara ao interior focalizadas nas seguintes zonas: zona san José, zona da escaleira principal-distribuido e a roupería.

9. Medianeira Dominicos: prodúcense filtracións no paramento medianeiro co colexio Dominicos derivados do encontro do faldrón da cuberta co paramento. Hai un canlón vertendo contra o paramento que se atopa impermeabilizado con pinturas epoxídicas.

10. Zona san José: presenza de humidades no interior, lintel do oco que forma o arco, con pingas. Semella que o descolocamento de pezas de tella na zona achegada ao borde da cornixa poda ser a causa de filtracións polo interior do muro.

11. Patio dos porcos: cuberta realizada con forxado de formigón acabado exterior visto. A perda da impermeabilización exterior provocou deterioración no formigón con corrosión das armaduras e desconchados e humidades no interior.

12. Cubertas translúcidas da terraza, tendal e vestiarios:

- terraza-galería: filtracións no encontro da cuberta de policarbonato co paramento da igrexa
- tendal: filtracións nos encontros da cuberta cos paramentos
- vestiarios-aseos: é necesaria unha limpeza da cobertura de policarbonato e o selado dos encontros cos paramentos.

Para realizar a execución destas obras de restauración é preciso realizar un convenio coa Comunidade de Relixiosas Clarisas Descalzas do Convento de Santa Bárbara en A Coruña, para a posta a disposición dos terreos e inmobles obxecto desta actuación.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Comunidade de Relixiosas Clarisas Descalzas do Convento de Santa Bárbara en A Coruña para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de restauración das cubertas do Convento de Santa Bárbara das Clarisas Descalzas da Coruña.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrència pública, xa que as obras de intervención previstas, están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo "Conservar o patrimonio cultural galego, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego".

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións oportunas para a execución das obras de restauración das cubertas do Convento de Santa Bárbara das Clarisas Descalzas da Coruña, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en función das súas dispoñibilidades económicas e en consonancia co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto 246/1992 da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 159 do 17 de agosto de 1992).

Terceira.- Obrigas da Comunidade de Relixiosas Clarisas Descalzas do Convento de Santa Bárbara en A Coruña.

Pola súa banda, a Comunidade de Relixiosas Clarisas Descalzas do Convento de Santa Bárbara en A Coruña, comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións e conservar e xestionar o acceso aos restos no ámbito dos terreos da súa titularidade.



Carmen Ballerín Rey

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por:

1. Dous (2) representantes da Xunta de Galicia
2. Dous (2) representante da Comunidade de Relixiosas Clarisas Descalzas do Convento de Santa Bárbara en A Coruña.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a finalización das obras obxecto do mesmo, prevista para o 31 de xullo de 2023 e, en todo caso, ata a finalización da intervención.

En todo caso, a duración máxima prevista non poderá ser superior aos catro anos, salvo que normativamente esté previsto un prazo superior, de acordo co artigo 49 apartado h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava: Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

Carmen Dolores Rey

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime Xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades,



Román Rodríguez González

A Abadesa do Convento de Santa
Bárbara (A Coruña)

Carmen Pallares Rey